

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Esta xefatura territorial ditou en data 9 de novembro de 2022 resolución de inicio do procedemento de adquisición da vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C2001701, conta: 19, situada na rúa Mourente, núm. 19, 1º, CP 15552 no Concello de Valdoviño.

En data 30 de novembro de 2022 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas e no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

No prazo de presentación de solicitudes non se presentaron peticións de inclusión neste procedemento.

Baseado en todo o antedito, RESOLVO:

1º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

2º Outorgar aos interesados un prazo de reclamación de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ao da referida publicación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en A Coruña

